



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: MC 20/2026 XERAC. CRÉD. MELLORA EMPREGABILIDADE PERSOAS MOZAS DESEMPR. 2026-27

Expediente: 2026/G003/000515

Visto o expediente de modificación de créditos **núm. 20/2026** por xeración de créditos ó orzamento do Concello e vistos os informes da Secretaría – Intervención, núm. 160 e 161 do 20/08/2026

No exercicio das atribucións que me confiren as bases de execución do vixente Orzamento en relación co artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 43 a 46 do Real Decreto 500/1990,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos **n.º 20/2026**, do Orzamento vixente na modalidade de xeración de créditos, de acordo ó seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Aplicac. Orzam.	Descrición.	Crédito actual / €	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
241.131.00	Persoal laboral temporal. salario mais indemnización fin de contrato. Garantía xuvenil	0	12.200	12.200
241.160.00	Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. Seguridade Social. Garantía xuvenil.	0	4.702,64	4.702,64
		Importe Total	16.902,64	16.902,64

Total crédito xerado: 16.902,64 €

Altas en Partidas de Ingresos:

Concepto	Descrición	Previsión actual / €	Incremento / €	Previsión resultante / €
450.80	Transferencias correntes de Xunta de Galicia	0	16.902,64	16.902,64
		Total Importe	16.902,64	16.902,64

Incremento total: 16.902,64 €

O financiamento desta xeración de créditos farase con cargo a:

Resolución de concesión de subvención pola Xunta de Galicia, para contratación de 1 persoa moza inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cofinanciada ca Unión Europeo no marco do programa FSE+Galicia 2021/2027 durante 9 meses para a execución de obras e servizos municipais, por importe de 16.902,64 €, comunicada a través do sistema Notifica.gal o 11 de agosto de 2026.

SEGUNDO.- A Modificación aprobada producirá efectos dende a data desta resolución e incorporaranse á contabilidade xeral a través do correspondente documento MC ou de modificación de créditos (gastos) e do documento de modificación das previsións iniciais do orzamento de ingresos.

TERCEIRO. No caso de que na execución do proxecto de gasto existan economías, autorízase a realizar unha XC/; necesaria para o axuste final do proxecto de gasto.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CUARTO. Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión ordinaria que teña lugar, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

QUINTO. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso – administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa en funcións, Silvia Agrafojo Filgueira; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

